

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/12	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de adopción de acordos en relación cos asuntos incluídos na orde do día»
Data	8 de outubro de 2020
Duración	Desde as 21:30 ata as 22:28 horas
Lugar	Salón de Sesiós
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D^a Nerea Pintos Castro.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expte. 4087/2020.- Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados.

O Sr. Secretario da conta do ditame, favorable, da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por catro votos a favor dos



concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e grupo mixto Cambados Pode e dúas abstencións do grupo municipal do PP do seguinte tenor literal,

"No BOPDEPO núm. 247, do 27 de decembro de 2013, publicouse a redacción actual da ordenanza reguladora da taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia establece na súa disposición adicional novena, relativa ás actuacións para conseguir agratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, o seguinte:

"1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento.

A bonificación do 100 % das cantidades correspondentes á atención educativa no suposto de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellaría competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada, polo que a Administración autonómica asumirá, de acordo co réxime previsto no contrato, o pagamento das cantidades que, de ser o caso, correspondan polo indicado concepto á unidade familiar.

Esta medida terá efectos económicos desde o 1 de abril de 2020 ou desde a data anterior que se determine, atendidas as dispoñibilidades orzamentarias, por resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de servizos sociais, publicada no Diario Oficial de Galicia, e aplicarase directamente, sen prexuízo da posterior adaptación da normativa sobre prezo sen vigor ao disposto nesta disposición.

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente en materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais

Caso de as entidades locais teren implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100% da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas

Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permitan fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición

Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estaren ao corrente no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de



cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

A vista do que antecede, esta Concellería PROPÓN que se ditamine favorablemente o establecemento e aplicación desta bonificación e se propoña ao Pleno da Corporación, mentres se manteñan as circunstancias reguladas pola Xunta de Galicia e se financie por parte da Administración autonómica a minoración de ingresos pola aplicación da dita medida, a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal reguladora da taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán, quedando redactado do seguinte xeito:

“Artigo 6.- Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos en normas con rango de Lei, ou deriven de tratados ou acordos internacionais, sen prexuízo da aplicación das reducións que se contemplan na Tarifa anexa.

Será de aplicación a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, relativa a actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

Asemade, entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de maneira independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3º. As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano”.

“DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

2º.- Expoñer esta modificación, mediante edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello ós efectos de incoar o trámite de información pública por un prazo de 30 días, ó abeiro art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais para que durante este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias contra a mesma, considerarase definitivamente aprobada, coa publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención,

“No BOP núm. 247, do 27 de decembro de 2013, publicouse a redacción actual da ordenanza reguladora da taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán. A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia establece na Disposición adicional novena. Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, o seguinte:

“1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no caso da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100 % dos prezos públicos ou



contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento. A bonificación do 100 % das cantidades correspondentes á atención educativa no suposto de matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar aplicarase tamén no caso das prazas contratadas pola consellaría competente en materia de servizos sociais en escolas infantís de titularidade privada, polo que a Administración autonómica asumirá, de acordo co réxime previsto no contrato, o pagamento das cantidades que, de ser o caso, correspondan polo indicado concepto á unidade familiar. Esta medida terá efectos económicos dende o 1 de abril de 2020 ou dende a data anterior que se determine, atendidas as dispoñibilidades orzamentarias, por resolución da persoa titular da consellaría competente en materia de servizos sociais, publicada no Diario Oficial de Galicia, e aplicarase directamente, sen prexuízo da posterior adaptación da normativa sobre presos en vigor ao disposto nesta disposición.

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais. Caso de as entidades locais teren implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de presos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior sópoderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas. Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo. A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición. Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estaren ao corrente no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

"A vista do que antecede, esta Concellería DISPÓN:

Primeiro: que se proceda ao establecemento e aplicación desta bonificación mediante a modificación da Ordenanza municipal reguladora taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán

Segundo: que se incorporen ao expediente os informes necesarios para a adopción do conseqüente acordo."

O Sr. Abal Varela (Somos Cambados) di que está a favor para que a Xunta de Galicia compense aos que teñan mais dun fillo e que vai afectar a un bo número de



veciños de Cambados.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que tamén votarán a favor

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que votarán a favor ao tratarse dunha grande xestión por parte da Xunta de Galicia e beneficiar a un bo número de familias de Cambados

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal reguladora da taxa por asistencias e estancias na gardería infantil municipal de Cambados e ludoteca nos meses de verán, quedando redactado do seguinte xeito:

“Artigo 6.- Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios fiscais que veñan establecidos en normas con rango de Lei, ou deriven de tratados ou acordos internacionais, sen prexuízo da aplicación das reducións que se contemplan na Tarifa anexa.

Será de aplicación a bonificación prevista na disposición adicional novena da Lei13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, relativa a actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as.

Asemade, entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s, ou a persoa proxenitora e o/a cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e:

1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de maneira independente.

2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

3º. As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en situación de acollemento familiar por tempo superior a un ano”.

“DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

2º.- Expoñer esta modificación, mediante edictos publicados no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello ós efectos de incoar o trámite de información pública por un prazo de 30 días, ó abeiro art. 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais para que durante



este prazo os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias contra a mesma, considerarase definitivamente aprobada, coa publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia.”

2.- Expte. 4112/2020.- Festivos locais 2021.

O Sr. Secretario da conta do ditame, favorable, da Comisión Informativa de Muller, Igualdade e Réxime Interior por seis votos a favor dos concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG, PP e unha abstención do grupo mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal,

“Vista a necesidade de comunicar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a proposta festivos locais para o ano 2021, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. *Propoñer como festas locais para o ano 2021 no Concello de Cambados as seguintes datas:*

-15 de febreiro (Luns de Entroido)

-30 de xullo (Venres do Albariño)

2. *Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria”*

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que co motivo de que San Bieito e Sta. Mariña caen en domingo propuxéronse estas datas para facilitar o goce de toda a cidadanía.

Propónse un día festivo no Entroido ao luns ao seren partidarios de que os festivos se sitúen ao principio e ao final da semana e para facilitar a conciliación familiar.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que non lle parecen mal as datas propostas se non fose pola coincidencia coa pandemia do Covid, tendo en conta que febreiro pode ser unha época de restriccións.

A súa proposta sería a do 16 de xullo (Día do Carne) ou o 16 de agosto (San Roque) e por isto adianta a súa abstención.

A Sra. Alcaldesa di que as datas de xullo e agosto son en verán e non favorecen a conciliación.

En relación ao día do Carne, a Cofradía non é partidaria de manter ese venres como festivo ao trasladar os actos ao domingo, manifesta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que apoiarán a proposta.

Sometido a votación o Pleno por dezaseis votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP, BNG) e unha abstención (Grupo Mixto Cambados Pode) adopta o seguinte,

ACORDO:



1. Propoñer como festas locais para o ano 2021 no Concello de Cambados as seguintes datas:

-15 de febreiro (Luns de Entroido)

-30 de xullo (Venres do Albariño)

2. Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria

3.- Proposta adicacións parciais da Corporación.

O Sr. Secretario da conta do ditame, desfavorable, da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo por dous votos a favor dos concelleiros de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e cinco en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e grupo mixto Cambados Pode do seguinte tenor literal,

“Mediante acordo do Pleno de 24.07.2019 acordouse aprobar unha dedicación exclusiva para a Alcaldía do Concello de Cambados cunha retribución bruta anual de 40.000 euros.

É vontade desta Alcaldía e do grupo de goberno prestar un decidido servizo á cidadanía, contribuíndo activamente a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños do Concello de Cambados; con tal motivo, e coidando que a complexidade e volume de asuntos polas Corporacións Locais fai imprescindible manter unha especial dedicación por parte dos cargos electos, nuns casos plena e constante, e noutros, aínda sen dedicación exclusiva, sí cunha especial intensidade que os obriga a compaxinar a súa actividade laboral co desenvolvemento do seu cargo.

Isto implica a necesidade de establecer os cargos para os que o exercicio do posto requira dedicación exclusiva e os que precisan de ser desenvolvidos, canto menos, cunha dedicación parcial, así como as características e retribucións de ambos supostos.

Neste caso, a regulación, características e retribucións dos mesmos irán acompañados da determinación do seu réxime de dedicación mínima.

Visto o disposto polo artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto o disposto polo artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril que establece que os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións ou desenvolver responsabilidades que así o requiran en cuio caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cuotas empresariais que correspondan.

Visto que segundo o disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril que determina que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan e deberán publicarse íntegramente no "Boletín Oficial da Provincia" e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios



referentes a retribucións dos cargos con adicación exclusiva e réxime de dedicación parcial y réxime de dedicación de estos últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial destes últimos e polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Establecer catro dedicacións parciais entre os concelleiros/as que ostenten delegacións outorgadas pola alcaldía.
2. Fíxar, en atención á súa responsabilidade e proporcionalmente á dedicación proposta (equivalente a 20 horas semanais) unhas retribucións brutas anuais de 21.200€, que se dividirán en catorce pagas, das que doce o serán con devengo mensual e dúas devengarán nos meses de xuño e decembro.
3. O nomeamento dos concelleiros/as delegados/as que desempeñen os cargos en réxime de dedicación parcial será realizado pola Alcaldía de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985 do 2 de abril.
En todo caso, os designados/as deberán aceptar o exercicio do cargo, no prazo de tres días hábiles, entendéndose aceptado o cargo se transcorra o mencionado prazo sen comunicación expresa de renuncia.
4. Que se proceda á publicación do acordo adoptado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboeiro de Anuncios da Corporación”.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que tal e como se expuso, trátase dunha proposta austera e comedida de tan só liberacións parciais de 1000 euros mensuais.

Di que non se pide un cheque en blanco, nin unha maioría absoluta senón tempo para poder traballar.

Solicita á oposición que deixe de exercer o bloqueo institucional e a cambio ofrece participación na acción de goberno.

Solicita, en especial, a quen facilitou a formación do goberno para que facilite este acordo sen renunciar a exercer a súa labor de oposición.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que é a cuarta vez que este asunto volve ao Pleno e lembra o minuto televisivo do Sr. Cordal en campaña electoral facendo alusión a que non cobrarían dedicacións.

Celebra que fai arredor de quince días reuníronse para facer aportacións ao orzamento. Considera que haberá que agardar a que iso fructifique.

Parece que o que se trata é de presionar ao BNG para que voten a favor da proposta e da reunión mantida semella que estabades desesperados por cobrar un soldo.

Da conta de ataques brutais contra o Sr. Caamaño tras o 24 de setembro nas redes sociais que proveñen do entorno da alcaldesa e condena ese tipo de accións de forma taxante.

Di non sorprendelle este tipo de feitos tendo en conta que a el tildóuselle de “sinvergónza” nun Pleno por parte da Sra. Alcaldesa e a existencia de ameazas do Sr. Charlín Trigo fronte aos ambulantes das que se fixo eco o Diario de Pontevedra.

Considera preciso buscar unha cordialidade e concordia e non se xustifica baixo



ningún concepto este tipo de accións.

Adianta que o seu voto será negativo.

A Sra. Alcaldesa lembra ao Sr. Abal os seus insultos a súa persoa no seno do Pleno poñendo como exemplo o de *"mentirosa compulsiva"*.

Di non xustificar ningún insulto e pide disculpas ao Sr. Caamaño en nome do seu entorno e suliña que non xustifica nin comparte os calificativos que se fixeron públicos.

Fai referencia a que el pediu disculpas ao Sr. Abal polos seus calificativos e o Sr. Abal non fixo o propio con ella.

O Sr. Caamaño (BNG) di que o seu grupo vai manter o sentido do seu voto; e agradece as palabras do Sr. Abal e as disculpas da Sra Alcaldesa, sen querer incidir neste asunto.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) únese a solidariedade co Sr. Caamaño Rivas.

Considera que se está a facer política nas redes sociais en Cambados nos últimos anos que non comparte.

Apunta a que eses debates están decaíndo porque o nivel é bochornoso e, entende, os veciños tomarán boa nota disto apreciándose xa un importante descenso no uso das redes sociais.

Discrepa co Sr. Lago Ozón en que esteamos ante un bloqueo institucional e que foi o pobo de Cambados o que decidiu e colocou a este goberno en minoría.

Pon de manifesto que se lles ofreceu contar cunha liberación de apoiar os orzamentos.

Considera que non é necesario que cinco concelleiros sexan liberados.

Defende que os empregados públicos do Concello son moi profesionais e é posible dirixir o Concello coa única liberación da Sra. Alcaldesa.

Conclúe, por último, manifestando que 1700 por cinco concelleiros con dedicación é unha cuantía importante para un Concello como Cambados.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE) di que o que pide non son cartos senón tempo para poder traballar.

Solicita que non se bloquee a acción de goberno e considera que os orzamentos van unidos ás liberacións, en canto brazo executor.

Di que polo de agora non se fixeron propostas porque, ao mellor, se aceptan (o PP si que o fixo).

Entende que estamos ante un bloqueo da acción do goberno; que a xente sabe



valorar o que traballou e castigar o que puxo paus nas rodas.

Lembra que o Sr. Aragunde Aragunde cobrou da Deputación na oposición e no mes de xuño do ano pasado percibiu 9069 euros brutos

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que sería comprensible que tiveran unha retribución os concelleiros de Cambados.

Lembra que as propostas son inferiores ás da lexislatura anterior e ás do PP.

Considera que non é comprensible esta actitude para evitar esta acción de goberno.

Di que a cidadanía pensa, e ten dereito a ello, que están no Concello todo o día e que cobran por elo.

Quere ser respetuoso pero semella que o grupo municipal do BNG non quere entrar no goberno.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di coñecer a Presidentes de clubs deportivos, Comisions de Festas, Asociacións que se presentan con todo o mérito e saben que non van cobrar nada.

Recoñece que hai Concellos e Deputacións nas que hai membros da oposición que cobran e empraza ao Sr. Lago Ozón a que marche a esas institucións se quere cobrar.

Considera excesivas cinco dedicacións para sete concelleiros.

Defende que presentaron por rexistro as súas suxerencias aos orzamentos.

(Ás 22.05 auséntase da sesión o Sr. Charlín Trigo).

Considera unha chantaxe non poder participar nos orzamentos se non se apoian as liberacións.

Ten a impresión de que os membros do goberno atópanse desesperados por cobrar e nunca os viu tan agradables coma na reunión de orzamentos.

(Ás 22.07 reincorpórase a sesión o Sr. Charlín Trigo)

A Sra. Alcaldesa plantea o por que de que con menos cartos traballen mais persoas, ao considerar que se aforran cartos.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) di que no seu goberno había 11 concelleiros e 2 dedicacións.

A Sra. Alcaldesa di que o persoal asesor é nomeado a dedo e mesmo se pode considerar que son enchufados.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) afirma que o actual goberno ten mais enchufados que antes e lembra que está en situación de minoría con tan só sete concelleiros.



A Sra Alcaldesa di que o que o Sr. Aragunde está a decir é que cando gobernaba facía o que quería porque tiña maioría absoluta.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) solíciatalle á Sra Alcaldesa que non poña palabras na súa boca que el non manifestou.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que os gobernos son froito de negociacións e cada grupo ten que ter o seu peso específico nun goberno e iso é algo que non se planteou neste caso.

Afirma que según fontes do propio goberno o grupo de Somos non quere que o BNG estea no goberno.

Di entender que a xente quere que o BNG estea no goberno.

Ao final o que importa é ser parte dun grupo político e hai que falar en clave política e non en clave persoal.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) en relación aos orzamentos expón que tan só un grupo presentou propostas a estes orzamentos.

Manifesta que a intención do goberno é a de aprobar os orzamentos antes de xaneiro da foma que sexa, incluso co planteamento dunha cuestión de confianza.

Urxe aos grupos a presentar as propostas aos orzamentos e lémbbralles que van ir intimamente unidos ás dedicacións que se van plasmar economicamente nestes.

Considera pouco consecuente apoiar os orzamentos e non as dedicacións.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o seu grupo ten predisposición á aprobación dos orzamentos e solicita un borrador destes.

Non cree que a proposta de entrar no goberno estea nos orzamentos.

Considera que a negociación das dedicacións é con Somos Cambados e PsdeG-PSOE, e non co goberno municipal

O Sr. Cordal Rodriguez (Somos Cambados) di que entre maio e ese verán houbo 8 reunións.

Considera que a proposta que se fixo foi xenerosa para o BNG mantendo as mesmas áreas da lexislatura anterior e incluso incrementándose, polo que concluíu que non había vontade de entrar no goberno.

O Sr. Lago Ozón (PsdeG-PSOE), en relación á intervención do PP, matiza que a Lei establece as retribucións das dedicacións en función da poboación e non do número de votos.

Di que non se plantean as dedicacións coma un ultimátum e seguirán reuníndose, pero mantendo que as liberacións van íntimamente ligadas cos orzamentos.

Sometido a votación o Pleno por sete votos a favor (PsdeG-PSOE, Somos Cambados) e dez en contra (PP, BNG e Grupo Mixto Cambados) acorda rexeitar o ditame anterior.

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.





DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



PRAZA DO CONCELLO, 1 - 36630 - CAMBADOS - Tfnos: 986520902/0943/0951 - FAX:986524866 - Nº REGISTRO ENTIDADES LOCAIS: 01360062 - CIF: P 3600600E



Cod. Validación: 3KJND7YNNFKTSLRSRXJ593K6 | Corrección: <https://cambados.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12